

2025

Copa Galicia



Ciclismo Galego
Federación

Cross Country

Btt XCO

III
MINIBTT
VILA DE
CUNTIS
O QUINTEIRO

29/MARZO/2025
10:00 AM

CAMPO
DAS
CANTEIRAS

III
XCO
VILA DE
CUNTIS
O QUINTEIRO

29/MARZO/2025
15:00 AM



III MINI BTT E XCO
VILA DE CUNTIS
O QUINTEIRO



Taberna O Quinteiro

PATROCINADOR DA NOSA CARREIRA

Descubro o auténtico sabor galego



<http://www.tabernaoqueiro.com>

INFORMACIÓN XERAL

INFORMACIÓN XERAL DA XCO

Data: 29 de marzo de 2025

Hora: 15:00

Lugar de celebración: Monte de
Trasponte – As Canteiras, Cuntis

INSCRIPCIÓNS:

PREINSCRIPCIÓN: OBRIGATORIA


FEDERADOS: Formulario web F.G.C.

IMPORTE: 10€ . Infantil cadete e Junior
será gratuita.

NON FEDERADOS: non permitidos

PECHE DE INSCRIPCIÓNS: Mércores,
19/03/2025 – 23:59 h.

INSCRIPCIÓN FORA DE PRAZO: Xoves
20/03 ata as 15:00. Penalización +30€



TÉCNICOS E DIRECTORES DEPORTIVOS

INCRICIÓN DOS TÉCNICOS:

Realizarase a través do club correspondente na oficina permanente o mesmo día da proba.

Confirmación de asistentes: sábado 29 de maio a partir das 13:30 h ata media hora antes da primeira saída a través dos directores deportivos ou representantes do club debidamente acreditados na oficina permanente habilitada ao lado do circuíto.

REUNIÓN DE DIRECTORES DEPORTIVOS:

Oficina permanente habilitada ao lado do circuíto ás 14:30 h.



DISTANCIAS DOS CIRCUÍTOS

O recorrido da categoría infantil terá un circuito máis curto. Para o resto das categorías, o circuito terá unha lonxitude de 4 km aproximadamente.

O tempo estimado de carreira será o seguinte:

CATEGORÍA	Tempo mínimo estimado	Tempo máximo estimado
Infantil (mas/fem)	30 minutos	45 minutos
Cadete (mas/fem)	45 minutos	1:00 h.
Junior (mas/fem)	1:00 h.	1:15 h.
Élite/Sub 23 (mas)	1:20 h.	1:40 h.
Élite/Sub 23 (fem)	1:15 h.	1:30 h.
Máster 30	1:00 h	1:15 h.
Máster 40/50/60 (mas)	45 minutos	1:00 h.
Máster (fem)	45 minutos	1:00 h.

HORARIOS, ORDE E GRELLAS DE SAÍDA

HORARIOS:

O horario de entrenamiento será de 14:30 a 14:55 h. Non se poderá entrar no circuíto de XCO ata que remate a última proba de Mini BTT da categoría alevín.

As categorías son as establecidas no apartado III-H.3 Categorías, da normativa técnica da FGM para o ano 2025.

A primeira carreira da proba de XCO comezará ás 15:00 h.

SAÍDA 1	SAÍDA 2	SAÍDA 3	
1º Infantil mas.	1º Cadete masc	1º Elite sub-23	5º Júnior fem.
2º Infantil fem.	2º Máster 40	2º Júnior masc.	6º Cadete fem.
	3º Máster 50 - 60	3º Máster 30	7º Máster fem.
		4º Elite Sub-23 fem.	

A chamada á grella de saída realizarase á totalidade dos/as corredores/as. Para todas as categorías establecerase segundo o seguinte orde:

1º Líder da Copa Galicia.

2º Corredores/as con puntos no ránking individual UCI de XCO, por orde de maior a menor.

3º A continuación, os/as corredores/as que non figuren no punto 2 segundo o ránking individual da RFEC de XCO. (Para a categoría Infantil, non se terá en conta este punto)

4º Corredores/as que non figurando nos puntos 1, 2 e 3 segundo clasificación xeral da Copa Galicia.

5º Por último, resto de corredores/as por orde de inscrición.

PODIUMS E AVITUALLAMENTOS



AVITUALLAMENTO

Ao longo do recorrido, haberá 1 punto de avituallamento ou asistencia aos/ás corredores/as no que só poderán estar situado/a, persoal previamente acreditado na oficina permanente.

CLASIFICACIÓNS E PÓDIUM

Establécese unha única clasificación por categoría sendo independente a masculina da feminina.

Os trofeos e medallas serán os establecidos por normativa da Federación Galega de Ciclismo.

A cerimonia de entrega de premios terá lugar ao finalizar a proba e o seu período de reclamacións, se é o caso.

Os/as 3 ciclistas premiados/as que deban presentarse a pódium, deberán facelo coa vestimenta oficial do club ao que representan.

Os premios en metálico serán os estipulados pola Federación Galega de Ciclismo.

Os premios pagaranse a través de transferencia bancaria.



OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- **Control de acceso ao circuito:** o club organizador porá a disposición dos equipos participantes, unha zona cerca do circuito no que poderá colocar 2 carpas e 1 vehículo.
- Os casos non contemplados nesta guía técnica, serán resoltos de acordo co regulamento e normativa da Federación Galega de Ciclismo.
- Toda decisión que se deba tomar durante o transcurso da proba sobre o desenvolvemento das distintas carreiras, será competencia do estamento arbitral designado para esta competición, previa consulta co club organizador.
- Os posibles problemas puramente organizativos que puideran xurdir no transcurso da carreira, serán resoltos polo equipo organizador de acordo co regulamento aplicable. Ditas incidencias serán comunicadas ao estamento arbitral.
- Haberá 2 ambulancias e persoal sanitario habilitado así como un posto de primeiros auxilios. O hospital ao que serán trasladados/as os posibles accidentados será o Hospital Quirón Salud Miguel Domínguez de Pontevedra, r/ Frei Xoán de Navarrete, 9 – Teléfono 986856800.





CONTACTO

TELÉFONO

626110303 Moncho
660325814 Javi
607413942 Tono

MAIL

cdmxesteiras@gmail.com

REDES SOCIAIS

Facebook: Xesteiras Club de Montaña
Instagram: cdmxesteiras

